



TURISMO
DE
GALICIA

Xacobeo  2027

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Maio 2026



DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Maio 2026

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	49.047	10.224	90.801	20.741	13.588	21.211	43.836
Noites	91.845	15.356	140.180	35.616	23.972	29.370	78.685
Var. Viax. 26/25	4,9%	52,1%	-15,9%	26,1%	7,3%	9,0%	-6,0%
Var. Noites 26/25	-1,6%	30,1%	-16,5%	-4,3%	4,0%	17,4%	4,1%
Estadía Media	1,87	1,50	1,54	1,72	1,76	1,38	1,79
Var. EM 26/25	-6,2%	-14,5%	-0,7%	-24,1%	-3,1%	7,8%	10,7%
% Ocupación	56,5%	51,7%	61,5%	54,4%	56,2%	70,4%	51,6%
Var. Ocupac. 26/25	-0,92	15,78	-9,42	-2,97	-0,37	9,38	6,32
Prazas	5.182	957	7.298	2.111	1.374	1.320	4.885
Var. Prazas 26/25	-0,6%	-9,7%	-3,8%	1,2%	4,6%	1,1%	-8,9%

- No mes de maio deste ano 2026 os destinos urbanos de Galicia presentan un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse 250 mil viaxeiros aloxados e 415 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 46,8% do total da comunidade -menos da metade das noites en Galicia-, porcentaxe inferior á dos últimos catro meses mais parella á rexistrada en maio do pasado ano –en 2025 o peso do turismo urbano situábase no 47,2% do total de Galicia-. No verán o peso do turismo urbano diminúe por debaixo do 40% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- Agora en maio sitúase a cidade de Compostela, por segunda vez consecutiva este ano, como o destino líder do turismo urbano en Galicia –substituíndo a A Coruña que liderou o ranking a nivel autonómico no primeiro trimestre, e a Vigo que o fixo puntualmente en decembro-. Con 140 mil noites a cidade compostelá absorbe o 34% do total do turismo urbano -unha de cada tres noites- e o 16% do conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación A Coruña -a curta distancia, con 92 mil pernoctacións- e Vigo -que pasa a ocupar o

terceiro posto con 79 mil noites-. A pesar das diferenzas unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto o 75% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe similar á dos últimos catro meses-.

- O 25% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo neste caso Ferrol o destino de menor volume e peso neste quinto mes – absorbe o 3,7% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos rexístrase neste mes un comportamento negativo da demanda a nivel urbano por canto o volume de noites no conxunto das sete cidades de Galicia descende un 4,3% en relación ao mes de maio do pasado ano -nun contexto de caída parella da cifra de viaxeiros aloxados-. Acontece isto novamente este ano, igual que en febreiro e marzo así como no segundo semestre do pasado ano, en contraste co crecemento puntual rexistrado en abril -o primeiro nos doce meses anteriores-. Neste período alternáronse meses de estabilidade da demanda -de maio a xullo do pasado ano, ou en decembro e xaneiro deste ano- con meses de caída do número de noites -de agosto a novembro de 2025, ou en febreiro e marzo deste ano-.
- Internamente obsérvase, en cambio, un comportamento variable. Así, o volume de noites increméntase en catro cidades, con maior intensidade en Ferrol –rexistra un crecemento medio do 30%- e en Pontevedra -cunha suba do 17%- e de forma menos acusada en Ourense e Vigo -onde o número de noites sobe arredor dun 4% en ambas-. O nivel de demanda descende, en cambio, nas tres restantes cidades -un 2% en A Coruña, un 4% en Lugo e un 17% en Santiago-. A cidade compostelá rexistra agora en maio, igual que nos dous meses anteriores, o peor comportamento da demanda nos destinos urbanos de Galicia.
- A cidade herculina rompe agora en maio unha tendencia de dezaseis meses consecutivos de crecemento da demanda -dinámica homoxénea en todo 2025-, a taxas variables que superan o 20% interanual en febreiro, abril e decembro do pasado ano e en xaneiro deste ano, e só por debaixo do 10% en marzo e en abril. A caída de maio é pouco significativa mais rompe a liña de meses anteriores.
- En paralelo a cidade de Santiago acumula once meses consecutivos de caída do número de noites, de xullo do pasado ano a maio deste ano -ademais das caídas puntuais rexistradas en febreiro e maio de 2025-.
- Neste mes rompen a dinámica anterior dous destinos: a cidade de Vigo -que rexistra crecemento da demanda por terceira vez consecutiva logo de amosar caída nos doce meses anteriores- e a cidade de Lugo -que presenta o contrario, descenso tamén por terceiro mes consecutivo do número de noites logo de acumular doce meses consecutivos de crecemento ata febreiro deste ano-.
- Así pois apréciase un comportamento positivo nalgunhas das cidades que habitualmente teñen un maior peso en Galicia -Vigo neste caso-, xunto con Ferrol, Ourense e Pontevedra e, pola contra, caída en A Coruña, Lugo e Santiago -de intensidade variable-.



- O comportamento do nivel de demanda vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados en parte dos destinos –catro en particular-, con pequenos axustes en sentido positivo ou negativo da estadía. En A Coruña, Lugo e Vigo ambas variables van en sentido contrario, xogando un papel importante neste caso a variación da estadía media.
- En termos globais o conxunto do turismo urbano en Galicia descende agora en maio, ao contrario do observado en abril recuperando a tendencia de parte dos doce meses anteriores -de maio do pasado ano a marzo deste ano alternou meses de estabilidade con meses de caídas en termos interanuais-. O número de noites no conxunto das sete cidades cae un 4,3%, circunstancia que en síntese presenta un comportamento equivalente ao observado no conxunto da comunidade -onde en termos globais o nivel de demanda descende un 3,5%-. No resto de Galicia, fóra das sete cidades, o nivel de demanda ten un comportamento tamén negativo pero suave pois descende un 2,8% neste caso. A leve diferenza de intensidade na caída da demanda leva a que o peso do turismo urbano apenas varíe en relación ao mes de maio do pasado ano situándose no 46,8% do total da comunidade.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en cinco das sete cidades consideradas -circunstancia propia dun mes de temporada media, e que contrasta co observado habitualmente na temporada baixa e no verán cando o segmento internacional lidera o mercado en todas as cidades-, en porcentaxes que se sitúan no 60% en Vigo, no contorno do 70% en A Coruña, Ferrol e Lugo, e preto do 80% en Ourense -esta última presenta o maior peso do mercado nacional-. Marcan a excepción este mes as cidades de Pontevedra e Santiago onde o turismo internacional supera en volume e peso ao nacional, representando o 65% das noites na primeira e o 71% do total nesta última. En Compostela menos do 30% da demanda hoteleira do mes de maio corresponde ao turismo de ámbito nacional.
- Acontece isto por segunda vez consecutiva nos últimos sete meses, igual que na temporada media do pasado ano, e en contraposición ao observado no verán e na temporada baixa -cando todas as cidades amosan maior volume e peso do turismo nacional fronte ao internacional. A temporada media presenta neste caso perfís da demanda diferentes en función da cidade de referencia.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en catro destinos -inclúe parte de aqueles que presentan un crecemento global en termos interanuais-, cun incremento importante en Pontevedra -de máis do 35% en relación ao pasado ano- e en Ferrol -cunha suba do 28%- e algo máis suave en Vigo -do 4% interanual- e A Coruña -do 3% neste caso-. Descende a demanda, en cambio, nas tres restantes cidades, un 5% en Ourense, un 10% en Lugo e un 22% en Santiago -esta última amosa a caída de maior intensidade, igual que nos últimos meses-.
- O mercado internacional presenta en cambio unha dinámica positiva con algunha excepción concreta. Así sobe o número de noites dos estranxeiros en todas as cidades de Galicia agás en A Coruña -onde se rexistra unha caída do 12% interanual- e Santiago -cun descenso do 14% neste caso-. Os incrementos varían en intensidade, sendo máis elevados en Ourense -onde se superan en máis dun



50% os niveis do pasado ano- e Ferrol -cunha suba do 35%- Sobe tamén de forma notable a demanda internacional en Lugo -un 16%- e en Pontevedra -un 9% neste caso-. O crecemento é máis moderado en Vigo -do 4% neste caso-.

- Desta maneira catro destinos presentan un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos paralelos para o nacional e o internacional en Ferrol, Pontevedra e Vigo -igual que no mes anterior-, e descensos parellos en Santiago. A Coruña, Lugo e Ourense amosan, en cambio, unha dinámica diferente para ambos segmentos.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado é parello en relación ao pasado ano. Neste sentido descende en conxunto o turismo de ámbito nacional -un 3%- así como o internacional -un 6% neste caso-. Diferente dinámica apréciase no resto da comunidade -destinos de litoral e interior- onde se rexistra un comportamento tamén negativo do mercado nacional -cae un 5%- mais estable daquel de orixe internacional -mantense nas mesmas cifras do pasado ano-.
- A estadía media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,7 noites, cifra levemente superior á media da comunidade e tamén á media dos destinos non urbanos de Galicia. Este dato varía levemente nas diferentes cidades acadando o valor máis elevado A Coruña -con 1,9 noites de media-, e o máis baixo Pontevedra -con 1,4 noites de media neste caso-. Esta última, xunto con Santiago, son xustamente as cidades con maior peso do turismo internacional e cuxo perfil se asocia en boa medida ao Camiño de Santiago.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en dous destinos -un 11% en Vigo e un 8% en Pontevedra-. Mantense estable en Santiago e descende, en cambio, nas catro restantes -entre un 3% en Ourense e un 24% en Lugo, destino que amosa a caída de maior intensidade-. Tal é a caída da cidade lucense que un incremento do 26% na cifra de viaxeiros aloxados xera, en realidade, menor número de pernoctacións en comparación coas cifras do pasado ano.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes tres destinos rexistran un incremento do número de prazas ofertadas en relación ao pasado ano -de pouco máis do 1% en Lugo e Pontevedra, e do 5% en Ourense-. A Coruña mantense en cifras parellas mentres que descende a oferta dispoñible nos tres destinos restantes -un 4% en Santiago, un 9% en Vigo e un 10% en Ferrol-.
- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación algo dispar dos niveis de ocupación hoteleira. Así, apréciase melloras en tres destinos, con subas notables en Ferrol -de algo máis de quince puntos porcentuais- e Pontevedra -de case dez puntos-, e de menor intensidade aínda que tamén importante en Vigo -de seis puntos neste caso-. O nivel de ocupación mantense estable en A Coruña e Ourense descende nas dúas restantes cidades -en tres puntos en Lugo e en algo máis de nove puntos en Santiago-. Esta última acumula cinco meses consecutivos de caída do nivel de ocupación.
- Cun 70,4% de media Pontevedra rexistra neste quinto mes de 2026 a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia -circunstancia que acontece por segunda vez consecutiva nos últimos meses, substituíndo a A Coruña que rexistrou a porcentaxe máis alta nos dous primeiros meses deste ano e a Ourense que o fixo en marzo-. Santiago rexistra tamén unha cifra

notable agora en maio, ocupando o 61,5% neste caso, por diante das restantes cidades que se sitúan no contorno do 55% -caso de A Coruña, Lugo e Ourense- ou ben no contorno do 52% -é o caso de Ferrol e Vigo-.


- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 57,4%, trece puntos por encima da media da comunidade. En termos dinámicos descende preto dun punto porcentual respecto da porcentaxe do pasado ano para volver a valores de 2024, superando por tanto toda a serie anterior a ese ano. O descenso da demanda -número de noites- acontece nun contexto de caída similar pero inferior en intensidade da oferta dispoñible -número de prazas ofertadas-, circunstancia que empeora levemente o nivel de ocupación.
- As tarifas hoteleiras acadan os 92,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada en Santiago, destino que por segunda vez consecutiva desde outubro do pasado ano rexistra o nivel máis elevado, substituindo a Vigo -que presentou as tarifas máis alta de novembro a marzo, nos cinco meses anteriores-. A Coruña e Vigo sitúanse a continuación con cifras relativamente parellas, en concreto con 86,9 euros e 86,6 euros, respectivamente, ficando as restantes dúas cidades con cifras inferiores -do contorno dos 72 euros en Ourense, e de 59 euros en Lugo. O INE non ofrece datos para as cidades de Ferrol e Pontevedra.
- Os prezos medios incrementáronse en todas as cidades agás en Santiago -onde se rexistra unha caída do 5,9%-. Os crecementos son notables en Vigo -do 19%- e en A Coruña -do 15% neste caso-. En Lugo e Ourense as subas son máis moderadas pero tamén importantes, do 6% e 11%, respectivamente.
- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse variacións tamén positivas nos destinos urbanos. Así sobe e mellora o nivel do pasado ano en catro destinos, con maior intensidade en Vigo -froito da variación positiva dos prezos e da ocupación, superando nun 25% o nivel de rendibilidade do pasado ano-, en A Coruña -cun incremento neste caso do 16%-, e en Ourense e Lugo -cun crecemento medio do contorno do 10% na primeira e do 3% nesta última-. O RevPAR hoteleiro descende unicamente en Santiago -marcando novamente a excepción no ámbito urbano de Galicia- cunha caída do 22% froito do mal comportamento da demanda, ocupación e prezos.
- Con 61 euros de ingreso medio por habitación dispoñible as cidades de A Coruña e Santiago rexistran neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado dos destinos urbanos de Galicia. Vigo presenta tamén unha cifra importante, con 53,2 euros de media, superando o nivel das dúas restantes cidades -con 48,5 euros en Ourense e 40,1 euros en Lugo-.
- A cidade lucense rexistra agora neste quinto mes de 2026 o nivel de rendibilidade hoteleira máis baixo dos destinos urbanos considerados, igual que en marzo e abril e substituindo a Santiago que o fixo nos dous primeiros meses do ano.
- En termos de emprego, e do mesmo xeito que acontece coas variables de demanda e ocupación, rexistrase neste mes un leve descenso do número de traballadores no segmento hoteleiro das cidades de Galicia en relación ao pasado ano -do 2,0% interanual-, deixando o volume final en pouco máis de 2.800 neste mes de maio -a segunda cifra máis elevada da serie histórica-.




- Esta dinámica vén como consecuencia de alternar variacións dispares nas diferentes cidades de Galicia. Sobe o nivel de emprego en catro delas, con maior intensidade en Pontevedra -rexistra unha suba do 27%- e Ferrol -cun 12% neste caso-. Engádense a esta dinámica as cidades de Lugo e Ourense -con crecementos do 10% e 3% interanual, respectivamente-. No lado contrario cae o volume de emprego nas tres principais cidades: un 2% en A Coruña, un 8% en Vigo e un 8% en Santiago.




Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, maio 2026




Variación da demanda turística nas cidades. Noites maio 2026/25



Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Maio 2026




Nivel de ocupación e variación interanual. Maio 2026







Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, maio 2026



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Maio 2026



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Maio 2026

